

EXERCICIOS VERBOS

1. Completa as oracións coa forma verbal que se indica:

- Onte pola mañá eu mesma _____ (varrer: pretérito indicativo) o meu cuarto.
- Nós non _____ (rematar: futuro indicativo) o traballo ata mañá pola tarde.
- Non creo que _____ (existir: presente subxuntivo) os extraterrestres.
- Vou pasar a tarde _____ (ler: xerundio) na biblioteca.
- Eu _____ (andar: pretérito indicativo) moito e estou moi cansa.
- Cando chegamos ao concerto xa _____ (cantar: antepretérito indicativo) o noso grupo favorito.
- De que vos _____ (rir: copretérito indicativo) tanto o outro día?
- Flor _____ (crer: presente indicativo) que ti e mais eu somos irmáns.
- Non sei se me _____ (atrever: futuro hipotético) a viaxar en globo.
- Se _____ (existir: pretérito subxuntivo) as pantasma, diría que acabo de ver unha.
- Vós _____ (vivir: copretérito indicativo) nesta rúa, non si?
- Ti xa _____ (causar: pretérito indicativo) bastantes problemas polo momento.
- Nós temos _____ (atopar: participio) moitas cousas na praia.
- Nótase moi ben se ti _____ (crer: presente indicativo) o que dis.
- Vós nunca _____ (pasear: antepretérito indicativo) por esta alameda antes de coñecer a Elvira?
- Non vos podo dar as notas ata que _____ (corrixir: presente subxuntivo) os exames.

2. Completa as oracións coa forma verbal que se indica e explica o tipo de particularidade que presenta:

- Non creo que ese traste _____ (servir: presente subxuntivo) para nada.
- Belén, _____ (incluír: imperativo) este dato no informe, por favor.
- Estes nenos _____ (dormir: presente indicativo) moi pouco.
- Prefiro que _____ (conducir: presente subxuntivo) Daniel.
- Vós _____ (beber: presente indicativo) pouca auga.
- non _____ (obedecer: imperativo) unha orde tan inxusta.
- Xabier só _____ (comer: presente indicativo) carne.
- _____ (servir: imperativo) ti a mesa, mentres vou buscar pan.
- Non quero que _____ (seguir: presente subxuntivo) comportándote dese xeito.
- Os meus amigos son alemáns e non _____ (entender: presente indicativo) o galego.
- Pode ser que vós _____ (coñecer: presente subxuntivo) a Bieito.
- Ti _____ (contribuír: imperativo) facendo o que poidas.
- É probable que _____ (destituír: presente subxuntivo) o subdirector da empresa.
- Óscar sempre _____ (conseguir: presente indicativo) o que quere.
- Eu _____ (traducir: presente indicativo) textos ao galego.
- Alberte, _____ (consentir: imperativo) que che explique iso agora.
- As rosas _____ (ulir: presente indicativo) moi ben.
- Espero que a excursión _____ (concluír: presente subxuntivo) tan ben como comezou.
- Por que _____ (xemer: presente indicativo) os cans?
- Quero que _____ (coñecer: presente subxuntivo) o meu amigo Xesús.

3. Completa as oracións coa forma verbal que se indica:

- Non creo que _____ (oír: presente subxuntivo) ben se non lle _____ (subir: presente indicativo) o volume á radio.

- Ti _____ (ler: pretérito indicativo) o libro que che _____ (traer: pretérito indicativo) Does?
- Cando _____ (saír: presente subxuntivo), non _____ (esquecer: presente subxuntivo) pechar a porta con chave.
- Eu _____ (querer: futuro hipotético) que ti _____ (estar: pretérito subxuntivo) alí connosco.
- Eu _____ (sorrir: pretérito indicativo) cando Manolo _____ (vir: pretérito indicativo) falar comigo.
- Ti _____ (servir: imperativo) o caldo cando _____ (querer: presente subxuntivo).
- Non _____ (ver: presente indicativo) o momento de dicirle que xa _____ (vir: pretérito indicativo) Tino.
- Nós, cando _____ (ser: copretérito indicativo) pequenos, _____ (crer: copretérito indicativo) s meigas.
- Xa _____ (haber: presente indicativo) tempo que eu o _____ (saber: presente indicativo).
- Dille a Tareixa que _____ (vir: presente subxuntivo) á miña casa en canto _____ (poder: presente subxuntivo).

4. Conxuga os infinitivos sempre que poidas

1. Trouxeron rabada para facer (nós) unha caldeirada.
2. É preferible estar tranquilos antes de sabe-los resultados.
3. O xefe falou de empezar (vós) a traballar (vós) sen agardar por el.
4. Luns non haberá reunións por non poder (el) chegar (el) con tempo.
5. Se lles dis que é para Xoel hanche facer (elas) unha boa rebaixa.
6. Iso pásache por andar (ti) facendo o parvo.
7. Vinos chegar pola ponte de vagar.
8. Debiades explicalo mellor.
9. Sería mellor estudar (vós) máis para poder (vós) marchar (vós) deste centro canto antes.
10. Convén argallar un plano todos nós.
11. Unha cultura propia é a única base da que podemos partir para un coñecemento cabal da realidade, para poder (nós) xulgala.
12. Xa está ben de perder (vós) o tempo dende o amencer.
13. Estiveches a piques de quebrar máis dun oso.
14. En lugar de escordar o nortello, puides perder a vida.
15. Esperei o tanguer das campás con vehemencia.

5. Indica o valor das perífrases

Acabou por mastigar o po do deserto
Aí o vén, estouno vendo
Comezaron a apupalo axiña
Debes anicarte
Deixou de metrallar cando cesou o movemento
Deron en limpar a bixutería cunha baeta
Estaba para chover e choveu
Hai que recuar
Ha chegar derreado da viaxe Houbeches morrer
Leva a facer das súas toda a vida
Meu avó vai enganado de vez
Non chegaron a convocar a asemblea.
O cóngo andaba lendo o teu libro
Non dou alugado a habitación
Rematou de testemuñar daquela
Ó final tódolos vultos viñan a estoupar
Pode ser que escordase o pulso
Puxéronse a preparar a comuñón
Rematou de testemuñar daquela
Rompemos a aturuxar ó remataren a peza
Sinto non a ter cativado
Volvín custearlle os estudos outro cuadrimestre
Viñan de pescudar todo o ocorrido
xa quere abri-lo día